



BOLETÍN INFORMATIVO MUNICIPAL

Concello de Vedra

Decembro 2023 • Nº 284

DECEMBRO

L	M	MC	X	V	S	D
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

*Dende Vedra
e para
Vedra...*

... Bo nadal!

...Felices Festas!

...Feliz 2024!

CALENDARIO

■ Durante o mes de decembro chegará a cada casa vedresa un calendario municipal. Se rematado o ano non o recibes chama ao 981814612 e faremoscho chegar.

XULGADO DE PAZ

■ ATENCIÓN AO PÚBLICO EXCLUSIVAMENTE OS MARTES E XOVES. Consultas telefónicas tamén os martes e xoves no número 981 502 305.

- HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO DE 10:00 A 14:00 HORAS.
- Enderezo electrónico: registrocivil.vedra@xustiza.gal

INFORMACIÓN CATASTRO EN VEDRA O TERCEIRO MARTES DE CADA MES ... EN DECEMBRO SERÁ O MARTES 19

■ Vedra oferta este servizo mensual de información de catastro.

IMPRESINDIBLE RESERVAR CITA no teléfono 981 814 612 (en horario de 9:00 a 13:00 h.).

MOI IMPORTANTE: SÓ SE DARÁN CITAS PARA ASUNTOS RELACIONADOS CON BENS CATASTRAIS DENTRO DO TERMO MUNICIPAL.

SERVIZOS PARA A RECICLAXE

■ Vedra pon as seguintes ferramentas a disposición veciñal.

PUNTO LIMPO:

Aberto os martes e sábados nos seguintes horarios:

- Martes: de 9:00 a 13:00 e de 14:00 a 19:00 horas.
- Sábados: de 10:00 a 13:00 horas.

(XA NON É PRECISO SOLICITAR CITA PREVIA)

SERVIZO DE RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS:

O concello conta cun servizo de recollida de voluminosos a domicilio, para facerse cargo deses refugalllos que non tes maneira de trasladar ao punto limpo. Só tes que chamar ao 981 814 612 e solicitar a recollida!!

*...se es de Vedra,
...se vives en Vedra,*

*...Empadrónate
en Vedra!!*



Concello
de Vedra



Presentación do Camiño de Inverno no Fairway 2023, coa presenza de Vedra.



Presentación do Camiño Miñoto Ribeiro no Fairway 2023, coa presenza de Vedra



Sesión de Contacontos Coñece Europa con Kalopsia na Biblioteca Municipal grazas ao Programa Europe Direct da Deputación da Coruña.



Concerto 100 voltas de Verónica Codesal na Nave da Estación.



Inauguración de pintura de Manuel González Vigo "Picasso".




Curso de Iniciación á Cata de Viños no Centro de Emprendemento A Estación.



Escola de Saúde con Pedro Santamaría Gargamala falando da importancia da psicoloxía nas persoas da terceira idade.



Celebración do Magosto da Terceira Idade.



Foi en... Novembro



Traballo Corporal da Terceira Idade.



Bailoterapia para a Terceira Idade.

ASÍ FOI NAS ASOCIACIÓNS



Ciclocharla de Ribadoulla con Iván Nogueira falando de ciclismo galego nas redes.



Xornada de percusión tradicional da Asociación Gaiteriras Galegas.



Unha das sesións da Escola de Familias da ANPA do CPI de Vedra.



Unha das sesións do Ciclo de Teatro de Outono da Asociación Cultural Papaventos.



Concertos dentro do Pasabodeghas 2023 da A.C. San Campio.



Actuación de Raquel Queizás para o Pasabodeghas 2023 do CRA Boqueixón-Vedra "Neira Vilas".



Cogomelar, organizado pola Asociación AMABUL.



De Interese

CAMPAÑA MICROCHYPEADO E ESTERILIZACIÓN ANIMAIS DE COMPAÑÍA

■ Un ano máis o Concello de Vedra quere facilitar a toda a veciñanza o cumprimento da vixente normativa en materia de animais de compañía. Con este fin realizaremos dúas accións:

- **Campaña de esterilización e castración de cans e gatos**, dende o 1 decembro todas as persoas empadroadas en Vedra poderán beneficiarse dun desconto nestas operacións nas dúas clínicas veterinarias de Teo que colaboran co concello. O pago farase directamente na clínica e irá en función do tipo de animal, peso, etc. Antes da inscrición facilitarase toda a información ao respecto no concello.
- **Sábado 20 de xaneiro de 2024 en horario de tarde**: xornada de microchipeado de cans e gatos no local municipal que determinaremos en datas pre-

vias á xornada. O prezo que se pagará directamente aos servizos veterinarios será de 25 euros por chip.



As inscricións para o **microchipeado** estarán abertas durante todo o mes de decembro e ata o 12 de xaneiro. No caso dun gran volume de solicitudes valorarase realizar máis xornadas en datas posteriores. As inscricións para as **operacións** estará aberta dende o 1 de decembro ata que se comunique que finaliza a campaña.

Para inscribirse en calquera das dúas accións ou para obter información poden contactar a través do correo electrónico: vanessa.crespo@concellodevedra.gal ou chamar ou 881 074 404.

Deporte

NOVA ETAPA DE SENDEIRISMO: O SÁBADO 16 DE DECEMBRO

■ O grupo de sendeirismo despedirase do 2023 cunha última ruta que irá dende o Faro de Fisterra ata Cee, un percorrido fácil duns 16,5 km.

Horarios e lugares de recollida do servizo de autobús:

- Saída de Mosqueiro ás 7:30 horas.
- Parada en Lestedo ás 7:40 horas.

- Parada no Breixo ás 7:45 horas.
- Parada no Hipercor ás 7:55 horas.
- Última parada diante da oficina do BNG (Antiga Estación de Buses) ás 8:00 horas.

Se queres participar desta etapa chama ao 981 814 691 e infórmate antes do 12 de decembro.

VEDRA PRESENTE EN ESLOVENIA NO MARCO DO PROXECTO EUROPEO WINEU.RUR

■ Unha delegación do Concello de Vedra participou entre os días 9 e 13 de novembro no 4º encontro internacional do proxecto wineU.rur, a rede de cidades que lidera Vedra e que xunto con socios de Eslovenia, Croacia, Bulgaria, Italia e Portugal ten como obxectivo principal a protección das paisaxes rurais europeas, especialmente as vinculadas ao cultivo do viño.

Esta visita supón un paso máis no desenvolvemento deste proxecto e no fortalecemento das alianzas entre os socios.

Durante varios días os participantes no evento puideron coñecer de primeira man o sector vitivinícola do municipio de Lendava (Eslovenia) e seguir compartindo experiencias e boas prácticas de cada un dos territorios participantes.



Emprendemento

PROGRAMACIÓN DE FORMACIÓN NA ESTACIÓN CURSO DE TRANSPORTE E COMEDOR ESCOLAR (Dobre título, modalidade presencial)

A ESTACION
CENTRO DE EMPRENDEMENTO

PROGRAMA FORMATIVO 2024

CURSO DE TRANSPORTE E COMEDOR ESCOLAR

De luns a venres, do 8 ao 26 de xaneiro de 2024 (de 9:30 a 13:30 h.)

Transporte escolar: 20 h.

Contidos: perfil profesional, ámbito educativo, recursos lúdicos e educativos, habilidades sociais, lexislación específica, prevención de riscos-situacións de emerxencia.

Comedor escolar: 40 h.

Contidos: perfil profesional, ámbito educativo, recursos lúdicos e educativos, habilidades sociais, avaliación e seguimento, manipulación de alimentos.

Impartido por



Prezo: 150 €.

Duración: 60 horas.

Información e inscricións no tfno. 981 51 22 44 ou en aestacion@concellodevedra.gal

Nadal en Vedra

3 de decembro

Mercadiño de troco e artesanía

Nave da Estación de Santa Cruz de Ribadulla

Aproveira para facer as túas mercas de Nadal: textil, cosmética, madeira, xabóns, xoguetes, decoración, acción solidaria... e moito máis!

Servizo de cafetería

Horario:

Mañá: de 11:30 a 14:30 h.

Tarde: de 16:00 a 19:30 h.

15 de decembro

Festa do Nadal

da ANPA do CEIP ORTIGUEIRA.

Nave da Estación a partir das 16:00 h.

16 de decembro

Concerto de Nadal

Organizado pola Coral Polifónica de Sta. Cruz.

Igrexa parroquial ás 19:30 h.

Festival de Nadal de Judo. IX Trofeo de Judo Kumi Kata

Pavillón municipal a partir das 9:00 h.

17 de decembro

Festival de Nadal de Corais

Centro Sociocultural de Vedra ás 18:00 h.

Coral Polifónica Hermano Gómez, Coral de Ategal, Coral da Terceira Idade de Vedra.

Festival de Nadal da Escola de Música de Santa Cruz Concello de Vedra

Casa da Cultura de Sta. Cruz ás 17:30 h.

20 e 21 de decembro

Audicións en familia coa Escola de Música de Santa Cruz Concello de Vedra

Casa da Cultura de Sta. Cruz ás 17:00 h.

22 de decembro

Baile-Merenda de Nadal e fin de ano

Centro Sociocultural da Terceira Idade de Vedra ás 19:00 h.

Prezo: 15 €, é preciso retirar ticket na cafetería antes do 20 de decembro.

Concurso de miss e mister elegancia, badaladas... Actuación de Marietta.

Do 22 de decembro ao 5 de xaneiro

Escola Ambiental Amabul

Casa das Artes de San Fins

Campamento Benxamín, Infantil e Xuvenil

Xogos ambientais, descubertas da contorna, Aprendizaxe sensorial, saídas de campo, Xincanas ambientais,...

Prazas limitadas.
Info e inscricións en www.amabul.org

27 de decembro

Cantarelas de Nadal

Coa Asociación San Campio

Xuntanza na Casa de Cultura de San Miguel de Sarandón ás 19:00 h.

Ao remate haberá chocolate con churros.

29 de decembro

Entrega de premios do Concurso de Tarxetas de Nadal e o espectáculo familiar Fazulas e o Ladrón de Paraugas, de Bandullo Azul

Centro Sociocultural de Vedra ás 18:00 h.

30 de decembro

Festa de fin de ano infantil e familiar

Coa Asociación Cultural San Campio

Casa da Cultura de San Miguel de Sanrandón ás 18:00 h.

Dioscoteca, actuación de baile moderno e moitas sorpresas.

30 de decembro

Concerto de Nadal

Coa Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla.

Casa da Cultura de Sta. Cruz ás 20:00 h.

3 de xaneiro

Viaxe a Pazolandia

Coa Asociación Cultural San Campio

O maior parque de atraccións de Galicia no Pazo de Deportes "Paco Paz" de Ourense.

Persoas asociadas: 10 €, non asociadas: 20 €. Inclúe transporte e entrada. Inscricións por WhatsApp no 642 079 012.

5 de xaneiro

Visita dos Reis Magos

Ás 17:00 na Nave da Estación.

As súas maxestades virán custodiados pola Asociación de Moteir@s Val do Ulla.

Actuación de **Paco Nogueiras**, que fará as delicias das persoas asistentes coa súa música para toda a familia!

CURSO DE INICIACIÓN Á XESTIÓN ADMINISTRATIVA DE ASOCIACIÓNS

- **Data:** xoves 14 de decembro de 2023
- **Hora:** de 20:30 h. a 22:30 h.
- **Lugar:** Centro de Emprendemento A Estación.
- **Dirixido a:** integrantes de asociacións, aberto a todas as persoas interesadas na temática.

+información e inscricións: 981 814 691 / cultura@concellodevedra.gal

ALFABETIZACIÓN DIXITAL NA AULA CEMIT DE VEDRA

- **Queres poñerte ao día no mundo dixital?**

Propoñemos cursos básicos que che permitirán manexarte nas app máis empregadas na vida cotiá.

Datas:

- Os luns ás 10:00 horas.
- Os luns ás 17:30 horas.

Prezo: 10 € por curso

Inscricións no enderezo electrónico cultura@concellodevedra.gal ou no teléfono 981 814 691.

Os grupos e horarios poderán sufrir cambios por cuestións organizativas.

Servizos Sociais

ACTIVIDADES DA TERCEIRA IDADE

- **Circuíto Termal nas Termas de Outariz**

Mércores 13 de decembro.

Prezo: 30 € (Inclúe transporte, comida e tratamento termal; prazas limitadas).

Programa: pola mañá tratamento termal, xantar e regreso. (O prazo de inscrición ábrese o 29 de novembro ás 17:00 h. no Centro Social. As prazas e número de asento adxudícaranse por rigorosa orde de inscrición).

- **Bingo de Nadal**

Xoves 14 de decembro ás 20:00 h.

- **Festival de Nadal de Corais**

Domingo 17 de decembro ás 18:00 h.

Coa participación das corais:

- Coral Polifónica Hermano Gómez
- Coral de ATEGAL
- Coral da Terceira Idade de Vedra

- **Merenda de Confraternidade**

de Nadal e Fin de Ano

Venres 22 de decembro ás 19:00 h.

Prezo: 15 € (é necesario retirar ticket na cafetería antes do 20 de decembro).

Concurso Miss e Míster Elegancia, badaladas, baile...

Actuación musical de Marietta.

- **Campionato de Brisca**

Ao longo de xaneiro e febreiro.

Inscricións na cafetería entre o 13 e o 22 de decembro.



INFORMACIÓN XERAL DOS SERVIZOS SOCIAIS DE VEDRA

• **Atención ao público:** Os luns, xoves e venres de 9:00 a 14:00 horas.

• **Cita previa:** Chamando ao teléfono 981 814 693 NON É IMPRESCINDIBLE, pero facilitará unha mellor organización e atención, polo que é recomendable.

■ VALORACIÓN, ORIENTACIÓN E ASESORAMENTO EN MATERIA SOCIAL:

Realízase de forma ininterrompida ao longo do ano de forma presencial e telefonicamente. Inclúe tarefas diversas como:

1. Información, orientación e asesoramento.
2. Xestión e tramitación de expedientes.

■ SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:

É un servizo público de carácter local e básico que ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual.

Existen dúas modalidades de acceso:

1. Dependencia (SAAD): persoas que tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención (PIA).
2. Libre concorrência: persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non



as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, logo da prescrición técnica do profesional de referencia.

■ SERVIZO DE EDUCACIÓN DE APOIO FAMILIAR:

Integra un conxunto de proxectos e servizos de apoio educativo e psicosocial dirixidos ás familias, co obxectivo de previr e superar as situacións de dificultade, especialmente as eventuais situacións de maltrato infantil ou calquera outra desprotección, así como promover procesos de cambio que favorezan un adecuado exercicio das responsabilidades familiares, a mellora da autonomía, da integración e da participación social das familias e unidades de convivencia.

■ PROGRAMA BÁSICO DE INSERCIÓN SOCIAL:

Este programa procura valorar, dar resposta ou derivar ao recurso máis idóneo ás persoas en situación ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo como prestacións económicas específicas. Require en todo caso valoración técnica da idoneidade e necesidade.

As axudas poden ser dos seguintes tipos:

1. Necesidades básicas de alimento e vestido.
2. Gastos derivados da atención sanitaria non cubertos pola Seguridade Social.
3. Accesibilidade e mantemento da habitabilidade.
4. Outra tipoloxía.

■ PROGRAMA DE ATENCIÓN Á PRIMEIRA INFANCIA:

A través da escola infantil municipal, que admite menores entre os 3 meses e os 3 anos de idade. Conta con 4 aulas e está xestionado de forma indirecta a través dun contrato de servizos.

O prazo ordinario de inscrición realízase cada ano entre o 16 e o 31 de marzo. As solicitudes presentadas fóra desas datas só son atendidas nos casos previstos no regulamento da EIM.



Deputación
DA CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE DERECHOS SOCIALES
Y AGENDA 2030



INFORMACIÓN IMPORTANTE SOBRE OS CERTIFICADOS DE FAMILIA MONOPARENTAL DA XUNTA DE GALICIA

■ A Dirección xeral de familia, infancia e dinamización demográfica publicou unha circular na que incrementa a vixencia dos certificados dous anos máis.

"En consecuencia, todos os certificados de familia monoparental expedidos pola Xunta de Galicia cuxa data de caducidade se produza entre o 01/04/2023 e o 31/12/2023, ambos inclusive, pasan a ter unha nova data de caducidade que é 2 anos posterior á data de caducidade fixada no certificado".

Podedes consultar o documento orixinal na seguinte ligazón: <https://politicassocial.xunta.gal/gl/areas/familia-e-infancia/familias-monoparentais>

En Galicia, considérase familia monoparental o núcleo formado por un único proxenitor e os fillos a seu cargo, sen que se conviva con outra persoa coa se manteña unha relación análoga á conxugal.

- a) As persoas que afrontan a maternidade ou paternidade en solitario.
- b) As familias formados por unha persoa viúva e os seus fillos.
- c) As familias nas que un proxenitor a cargo dos fillos sen que haxa custodia compartida.

INFORMACIÓN DE INTERESE PARA AS FAMILIAS NUMEROSAS

■ Desde o 15 de abril de 2023, todas as familias numerosas que soliciten ou renoven o seu título na comunidade autónoma de Galicia verán ampliada a súa vixencia ata que o fillo maior cumpra os 26 anos de idade, polo que non terán que facer renovacións anuais do título a partir dos 21 anos cumpridos do fillo de máis idade.

Pode haber excepcións a esta regra xeral en caso de familias numerosas NON convencionais,

polo que se recomenda consultar a notificación que acompaña a estes novos títulos.

Máis información:

- Nos sociais comunitarios do Concello de Vedra (981 814 693)
- No teléfono da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica: 881 995 437
- Na páxina web de política social na sección de familias numerosas.



INFORMACIÓN DE INTERESE SOBRE O PROGRAMA DE TURISMO DO IMSERSO

■ Dende o 06 de novembro de 2023 ata o final da tempada 2023/2024 permanecerá aberto un novo prazo para darse de alta no programa do Imserso de turismo. **Este novo prazo é para introducir os datos no sistema de persoas que non o fixeran con anterioridade; non para a elección de viaxes.**

As novas solicitudes poden presentarse de forma telemática na seguinte ligazón: <https://sede.imserso.gob.es/web/sede-electronica> ou a través do formulario en papel e envíalo a través dun rexistro público (por exemplo, o do concello de Vedra) ou en sobre franqueado por Correos.

A presentación da solicitude é indispensable para

que o Imserso, tras efectuar as comprobacións oportunas, poida ditar a resolución que acredita a condición de persoa beneficiaria do programa de turismo, que recibirá o solicitante no seu domicilio.

Máis información:

- <https://sede.imserso.gob.es/web/sede-electronica>
- no teléfono 912 667 713
- no departamento de servizos sociais comunitarios



SERVIZO DE LUDOTECA EN DECEMBRO

■ Este mes dende o proxecto Conxuga queremos aproveitar as vacacións de Nadal para traballar a educación en valores a través do xogo.

O xogo é unha oportunidade para desenvolver, afianzar habilidades e reformular o sistema de valores individuais e da comunidade. Por esta razón desenvolveremos diversas actividades que tratarán de incidir en aspectos como: a coeducación, a igualdade efectiva entre homes e mulleres, a solidariedade, o respecto ás diferenzas, etc.

Con esta intención, ofrecemos os seguintes obradoiros e actividades:

- Obradoiro de xogos tradicionais
- Obradoiro de adornos de Nadal

- Cartas aos Reis
- SuperChef, roscón de Reis
- Gran festa despedida de ano
- E moitas sorpresas máis!!!

Durante as vacacións de Nadal a Ludoteca a través do proxecto Conxuga de conciliación terá o seguinte horario:

- De luns a venres de 8:30 a 14:30 h. excepto festivos. Anímate e goza o Nadal connosco!

Para calquera información poñerse en contacto cos servizos sociais ou no teléfono 699 041 486



XUNTA DE GALICIA



CORRESPONSABLES



Concello de Vedra

Muller

ASÍ FOI O 25 N EN VEDRA...

■ Bótalle un ollo á galería fotográfica das conmemoracións municipais na web e nas redes sociais do Concello de Vedra.



CURSO DE AUTODEFENSA COA FEGAMP

■ Dende a Área de Muller propónse esta actividade gratuíta para mulleres maiores de idade ou maiores de 16 coa autorización oportuna.

- Datas: o 16 e 18 de xaneiro.
- Lugar: Biblioteca Municipal.
- Horario: de 16 a 20 horas.

Inscripcións abertas ata o 10 de xa-

neiro ou ata cubrir aforo (prazas limitadas) nos teléfonos 981 814 693 - 699 04 14 86 ou no enderezo electrónico carmen.sabio@concellodevedra.gal



ÁREA DE MULLER E IGUALDADE
Concello de Vedra



Pacto de Estado
contra a violencia de xénero



Concello de Vedra



VIII CARREIRA POR MONTAÑA A CAMELIA O 11 DE FEBREIRO DO 2024 CO CLUB VÉRTICE

■ Con moitas novidades para esta nova edición, con percorridos diferentes, cambios nas distancias,... Infórmate na web clubvertice.es



XVII CONCURSO DE CARTEIS PARA ANUNCIAR TEATROFILIA COA ASOCIACIÓN CULTURAL PAPAVENTOS

■ Unha nova edición deste concurso que poñerá imaxe a Teatrofilia 2024. Infórmate e consulta as súas bases e PARTICIPA!!

O prazo de inscrición está aberto ata o 22 de decembro. O premio para a persoa gañadora será de 300 €!!



Parabéns

Á ASOCIACIÓN SENUNPESO POR RECIBIR O XII PREMIO JOSÉ SELLIER

■ Esta distinción é unha iniciativa da Academia Galega do Audiovisual, que conta co apoio do concello da Coruña. O trofeo foi entregado por Alfredo Sellier, descendente do cineasta que lle dá nome ao galardón. No acto tamén interviñeron o Concelleiro de fomento e promoción da cidade da Coruña, Gonzalo Castro e o Presidente da Academia Galega do Audiovisual, Álvaro Pérez Becerra.

Senunpeso Producións é unha asociación cultural nacida no concello de Vedra en agosto de 2009. Tras o cese da súa actividade no pasado mes de setembro, dende a Academia quixeron dar un recoñecemento a esta iniciativa que traballou de xeito incansable a prol da formación e da exhibición audiovisual, empregando o audiovisual como ferramenta para o encontro,

a creatividade e a aprendizaxe, e que reivindicou con orgullo o seu cerne rural e o seu vínculo co territorio, empregando como recurso principal o audiovisual e traballando con tres referentes: o audiovisual, o rural e Galicia.



DATE DE ALTA NO SERVIZO DE NOVAS!! Así terás a toda a información de interese máis rápida e cómodamente!
SÓ TES QUE GARDAR O TELÉFONO 663 893 398 e enviarlle un whatsapp co texto: ALTA EN NOVAS